

COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE INTERIOS SOBRE SERVIZO DE EMERXENCIAS, SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R.

PLENO 13 DECEMBRO 2012. ACTA 21/2012

Polo concelleiro Varela Couñago solicítase a coparecencia do concelleiro de Interior nos seguintes términos:

“Despois de ler as declaracións de Arturo González que apareceron o pasado 9 de novembro nun diario de gran tirada da provincia, nas que acusa aos grupos da oposición de “falta de responsabilidade”; e sabendo que o noso Concello incumpre a Lei de Emerxencias de Galiza, posto que non ten un servizo de emerxencias 24 horas ao día todo o ano, a Agrupación de Electores de Redondela, ao abeiro do contemplado nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, **solicita a comparecencia do concelleiro de Interior para que responda ás seguintes cuestións:**

Xustificación das declaracións realizadas ao Farode Vigo respecto das responsabilidades dos grupos do pleno.

Situación actual de cobertura das emerxencias en Redondela e previsión para o 2013.

Posibilidades de contratación de persoal para cubrir o servizo de emerxencias que obrigatoriamente nos corresponde por lei.”

O concelleiro González Barbeiro dí que as súas declaracións se corresponden coa realidade e que Redondela en materia de persoal de emerxencias ten o mesmo que tiña ata agora, somentes tres prazas, e delas dúas operativas. Quixeron participar na experiencia piloto da Deputación e contar con moito máis persoal coa base en Redondela e sumando esforzos. A previsión para 2013 é exactamente igual aínda que acabou o proceso selectivo que foi libre e transparente. Sinala que contan cos mesmos medios aínda que trataran de chegar á mellor solución posible e consideran que perderon unha gran oportunidade. Xa coñecen as posibilidades para contratar persoal, que agora son nulas.

O señor Varela Couñago dí que o que querían facer era unha “chapuza” e que non queren tomar as decisións. Critica o funcionamento do servizo e o considera totalmente insuficiente. Lle parece que o concelleiro fai demagogia xa que quere devaluar o emprego público sen crear emprego fixo. Eles propuxeron crear un grupo de traballo. Consideran que é unha necesidade urxente e excepcional e critica ao PP por non querer solucionar o tema e facer unha política partidista.

O concelleiro González Barbeiro dí que mantén as declaracións e que tampouco comparte

outras declaracións públicas do representante de AER. Indica que non quere un servizo de emerxencias escaso e cando propuxeron a solución coa Deputación estaban propondo un servizo con 14 persoas. Dí que AER está informado das dificultades existentes para contratar. Dí tamén que o único grupo que amosou gran interese nas reunións para resolve-lo tema foi AER pero as solucións aportadas non foron viables, por imperativo legal.